

IES MENDIÑO_Xª-Hª 1º ESO

MATERIAL DE REPASO CONTIDOS (PARTE 2)

Estas actividades **deben ser entregadas na data do primeiro exame de recuperación** da materia pendente e **contarán ata un 20% na calificación final**.

As dúbidas deberán ser consultadas co profesorado da materia do actual curso académico ou coa Xefatura de Departamento.

ALUMNA/O _____ CURSO:

1.- Sitúa no século correspondente estes anos:

Exemplo: 2022: Século XXI.

-1492:

-711:

-1212:

-14:

-476:

-1789:

-1917:

-2000:

2.- Responde se as seguintes afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F). Corrixe as falsas.

a.- O primeiro homínido apareceu en América.

b.- O Neanderthal foi o homínido co cerebro máis grande.


c.- O Sapiens foi o primeiro homínido en enterrar aos seus mortos.

d.- O Sapiens e o Neandertal nunca conviviron nin no tempo nin no espazo.

3.- Menciona dous cambios que se producen no proceso de hominización.

4.- Menciona dúas diferencias entre o Paleolítico e o Neolítico.

5.- Marca no mapa un sitio onde aparece a agricultura.



6.- Observa a fotografía e resposta ás preguntas:



a.- ¿Saberías decir como se chama o que ves na fotografía?.

b.- ¿A que etapa ou etapas da Prehistoria pertencen estas estruturas?.

c.- ¿Teñen algunha relación coa Península Ibérica e con Galicia?.

d.- ¿Saberías dicir algunha outro nome de estrutura desta cultura?.

7.- Menciona polo menos dúas diferencias entre as civilizacións urbanas con respecto a Prehistoria (eido socioeconómico, político ou cultural):

8.- Define os seguintes conceptos: Paleolítico, Neolítico, *australopithecus*, Mesopotamia:

9.- Sinala os catro períodos nos que se divide a historia da civilización grega e explica un deles.

10.- Responde se as seguintes afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F). Corrixe as falsas.

a.- O territorio da Grecia Antiga caracterízase por ser homoxéneo.

b.- As costas de Asia Menor (actual Turquía) formaban parte da Grecia Antiga.

c.- Pericles conquistou un enorme imperio desde Macedonia ata a India.

d.- A democracia ateniense implicaba que todos os habitantes da cidade maiores de idade participaban directamente na política

11.- Explica que eran as *polis* e indica dous exemplos delas.

12.- Define os seguintes conceptos: Hélade, metrópole, Heródoto, *metecos* .(XHB3.5.1.)

13. Con que característica da civilización grega relacionarías este mapa. Argumenta a túa resposta



14.- A que etapa da escultura grega pertence esta obra? Argumenta a túa resposta.



